

IES PEDRO FLORIANI

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSOS LOMCE
DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

CURSO 2022-2023

X.D: Belén Collado Fernández

Índice:

1. Introducción e contextualización.	2
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	3
3. Concreción dos obxectivos para o curso.	8
4. Concrecións da programación	10
5. Concrecións metodolóxicas.	46
6. Materiais e recursos didácticos.	48
7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación.	48
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	55
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	57
10. Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.	59
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	59
12. Medidas de atención á diversidade.	59
13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán ao longo do curso.	60
14. Actividades complementarias programadas.	63
15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	63

1. Introducción e contextualización.

A actividade do Departamento de Música xira en torno a tres grandes eixos:

1. A música como linguaxe universal e medio de comunicación entre os seres humanos.
2. A expresión vocal e instrumental, que neste curso adquire de novo protagonismo, despois de estar relegada a un segundo plano polas limitacións impostas para facer fronte a pandemia da COVID-19 durante os cursos 19-20 e 20-21.
3. A práctica da audición/escoita activa, desenvolvendo elementos da evolución da música no tempo, de distintos estilos, tendencias e xéneros co obxecto de que o alumnado descubra a obra musical como un conxunto acabado e con sentido cultural propio.

Toda a actividade oriéntase a conseguir unha sensibilización musical e un enriquecemento cultural do alumnado, seguindo os postulados das disposicións vixentes. En resumo, pretendemos que o noso alumnado goce da música e aprenda a valorar as manifestacións musicais propias e alleas como unha expresión máis do saber e da cultura.

Esta programación ten como marco legislativo ademáis a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), o Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro que desenvolve o currículo de secundaria da LOMCE para todo o territorio español e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño que completa o desenvolvemento curricular para a Comunidade Autónoma de Galicia así como a Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

Durante o presente curso académico, o Departamento de Música do I.E.S. Pedro Floriani queda integrado pola profesora Belén Collado Fernández, con destino definitivo neste centro desde o ano 2018.

A materia de Música impártese nos seguintes niveis educativos:

- 2º ESO, dous grupos, con 2 horas semanais por grupo (LOMCE)
- 3º ESO, dous grupos, con 2 horas semanais por grupo (LOMLOE)
- 4º ESO, un grupo, con 3 horas semanais (LOMCE)
- 1º Bacharelato, Linguaxe e Práctica Musical, un grupo, con 4 horas semanais por grupo (LOMLOE)

- 2º Bacharelato, Historia da Música e da Danza, un grupo, con 3 horas semanais por grupo.(LOMCE)
A carga lectiva total é de 19 horas semanais de clase de Música.

Nas reunións de Departamento no presente curso manterase unha periódica revisión sobre a materia impartida nos distintos niveis, así como dos criterios que deben rexer as probas que se realicen ao longo do curso e/ou calquera modificación substantiva que sexa precisa sobre todo o contido nesta programación.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

As competencias clave son o conxunto de aprendizaxes consideradas actualmente imprescindibles e que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O clima da aula, o desenvolvemento de habilidades sociais, a integración das ferramentas dixitais, o traballo cooperativo, o desenvolvemento da creatividade, a intelixencia emocional, as relacións co contexto sociocultural do centro, aprender a aprender... son elementos que deberemos ter en conta e ir integrando aos poucos no desenvolvemento dos procesos de ensino- aprendizaxe na Aula de Música para lograr unha capacitación do noso alumnado nas competencias clave.

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

A comunicación é a habilidade para expresar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos. Esta competencia fai referencia á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de comprensión e representación da realidade, de organización de ideas, emocións e condutas.

Son numerosas as actividades que facemos na area de Música para que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito:

- Realización de tarefas relacionadas coa comunicación lingüística, a adquisición e uso adecuado dun vocabulario musical básico, valorando o enriquecemento que a linguaxe verbal achega á música na expresión vocal e o canto, etc. Fomentaremos a utilización correcta do vocabulario para comprender e saber comunicar cuestións relacionadas coa música. Con iso, o alumnado poderá expresar e interpretar de forma oral e escrita, pensamentos, emocións, vivencias e opinións persoais.

- A audición e a análise de diferentes exemplos de música vocal ofrece ao alumnado a posibilidade de valorar críticamente o equilibrio e desequilibrio que se produce entre texto e a música nos diferentes xéneros e estilos musicais. A través da expresión vocal e o canto a música integra a linguaxe verbal e o musical, polo que procuraremos valorar o enriquecemento que dita interacción xera.

- A expresión axeitada das propias ideas en contextos comunicativos de análise, a creación e interpretación, así como o traballo sobre a respiración, a dicción, a articulación e a expresión axeitadas contribúen en grande medida á consecución desta competencia.

- A música expón o seu discurso a través de funcións formais semellantes ás que utiliza a comunicación lingüística: introdución, exposición, desenvolvemento, recapitulación e conclusión, polo que, analizando as composicións musicais podemos establecer paralelismos entre o discurso musical e o discurso lingüístico.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)

Consiste na habilidade para utilizar razoamentos matemáticos, producir e interpretar distintos tipos de información sobre aspectos cuantitativos, espaciais da realidade, así como a capacidade de utilizar datos e argumentacións matemáticas.

A Música comparte coas matemáticas aspectos como a utilización de modos de representación e de pensamento lóxico e espacial. O desenvolvemento da competencia matemática na área de Música leva a integración de elementos e razoamentos lóxicos nas actividades ou tarefas propostas na Aula de Música:

- A través dos contidos referidos aos bloques de escoita e creación, a música incide na utilización de modos de pensamento lóxico e espacial aplicados á identificación dos elementos que interveñen na construción dunha obra musical (relacións entre altura de son e a súa frecuencia, relacións interválicas, organización de sons a través de escalas diatónicas, modal, tonal, dodecafónica; proporcións rítmicas e temporais, patróns de diferente duración sonora, etc.).

- Existen correntes musicais do século XX que basean as súas obras en conceptos e procedementos matemáticos ou físicos.

- Coa práctica e a interpretación musical trabállanse contidos e procedementos baseados na representación das ideas e intencións musicais mediante a notación musical (pentagrama, signos, tablaturas, claves, notas e figuras, indicacións metronómicas, etc.) co que tamén favorecemos que o noso alumnado adquiera habilidades relacionadas coa competencia matemática.

- Habilidade para utilizar instrumentos musicais: curiosidade por comprender os fundamentos científicos e tecnolóxicos vinculados á música.

3.-Competencia que desenvolve o tratamento da información e a competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e aprender a transformala en coñecemento. Para iso, o alumnado necesita adquirir diferentes habilidades como, por exemplo:

-Ser capaz de buscar, seleccionar e tratar a información autonomamente e distintas fontes e utilizando linguaxes específicas (textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro).

-Transformar a información en coñecemento mediante destrezas de razoamento para organizala, relacionala, sintetizala e integrala nos seus propios esquemas de coñecemento (aprendizaxe significativa).

-Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para aprender: comprensión das principais aplicacións dun computador (procesador de texto, folla de cálculo, base de datos, almacenamento e manexo de información) para traballar contidos da nosa área. Moitas das actividades propostas pretenden que o alumnado busque, obteña, analice e comente audicións, vídeos e todo tipo de información musical dispoñibles a través da Internet. Desta forma incídese en desenvolver a competencia dixital.

- Facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

- Aprender o funcionamento de diferentes recursos tecnolóxicos, como distintos formatos de audio, técnicas de tratamento e gravación de sons, así como e a produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia.

- Facer uso habitual de novas tecnoloxías musicais e das tecnoloxías da información e a comunicación para informarse, aprender e gozar da música, con conciencia crítica e xerando hábitos responsables en diferentes contextos (educativo, familiar e de lecer).

- Avaliar e seleccionar novas fontes de información relacionadas coa música: tomar conciencia das oportunidades que ofrece o uso de Internet e as novas tecnoloxías da comunicación (buscadores, blogs, correo electrónico, foros, etc.)

- Tomar conciencia da necesidade de respectar principios éticos no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

- Analizar os nosos propios hábitos de consumo musical e o uso da tecnoloxía neles.

4.- Competencia para aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo de acordo aos nosos propios obxectivos e necesidades. Organizar e persistir na aprendizaxe, precisa de motivación e de confianza para ser capaz de desenrolar aprendizaxes cada vez máis eficaces e complexos. A Música contribúe ao desenvolvemento de capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Para iso, o alumnado necesita adquirir diferentes habilidades como, por exemplo:

- Ao levar a cabo actividades de interpretación, tanto individuais como en grupo, o alumnado vai tomando conciencia sobre as súas propias capacidades, a utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, a xestión e control eficaz dos propios procesos de aprendizaxe e o desenvolvemento do sentido de responsabilidade.

- O desenvolvemento do sentido da orde e da análise musical que se traballan en actividades de audición inciden neste aspecto, xa que a Música contribúe a desenvolver capacidades como a atención, a concentración e a memoria.

- Traballar a habilidade para concentrarse durante períodos curtos e longos de tempo.

- Ser perseverante na aprendizaxe. Adquirir confianza en si mesmo. Exporse metas a curto, medio e longo prazo. Administrar o esforzo. Adquirir responsabilidades e compromisos persoais.

- Aplicar os novos coñecementos e capacidades a situacións parecidas e contextos diversos.

- Resolver problemas, aceptar nosos os erros e aprender dos demais.

5.- Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta competencia fai posible comprender a realidade social na que vivimos. Na Aula de Música o traballo colaborativo está presente en numerosas propostas de traballo mediante as que estamos integrando coñecementos e habilidades que permiten ao alumnado participar en

actividades en grupo, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

A Música contribúe á competencia social e cívica fomentando a participación en actividades musicais relacionadas coa interpretación e a creación colectiva, expresando nelas ideas propias, valorando as dos demais e coordinando as súas propias accións coas dos outros integrantes do grupo para conseguir un resultado. Preténdese que o alumnado traballe, colabore e desenvolva a capacidade de diálogo e de respecto á hora de realizar dun proxecto musical común. Para iso, o alumnado necesita adquirir diferentes habilidades como, por exemplo:

- Habilidade para traballar de forma cooperativa e flexible como parte dun equipo. Ser capaz de crear confianza e empatía, aprender a negociar e ter boa disposición para chegar a acordos.

- Ser conscientes da existencia de diferentes perspectivas para analizar a realidade. Comprender a pluralidade de opinións, ser capaz de pórse no lugar do outro e comprender puntos de vista diferentes ao noso. Valorar a diferenza e recoñecer a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

- Aprender a convivir. Manexar habilidades sociais e saber resolver os conflitos de forma dialogante, construtiva e pacífica. Forma parte desta competencia tamén a adecuada percepción do espazo físico no que se desenvolve a actividade humana, do que o son e a música forman parte. Por iso, recoñecer e analizar criticamente a presenza que determinados sons (naturais ou non) teñen na nosa contorna (paisaxe sonora) é fundamental para ser consciente da importante incidencia que ten o son na nosa sociedade. Identificando e reflexionando sobre o exceso de son, sobre cando e como o son convértese en ruído, sobre a contaminación sonora e sobre o nivel sonoro que soportamos en determinados lugares de lecer, sobre o uso de música indiscriminadamente son cuestións fundamentais que se abordarán desde o noso área.

- Comprender e practicar os valores das sociedades democráticas: democracia, liberdade, igualdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación, etc.

- Coñecemento e interiorización dos elementos que inciden na calidade de vida das persoas: bo estado de saúde, hixiene e nutrición persoal. Sensibilizarnos coa necesidade de saúde, tanto individual como colectiva. Tamén capacitaremos ao noso alumnado nesta competencia grazas aos contidos referidos ao coñecemento da voz e do corpo humano (oído, aparello fonador, respiratorio) como medios de expresión e na necesidade de xerar en elas e eles hábitos saudables tanto físicos como mentais.

- Analizar os nosos propios hábitos de consumo musical e o uso da tecnoloxía neles.

- Argumentar as consecuencias dun tipo de vida fronte a outro en relación co uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio ambiente, os bos hábitos de consumo, a protección da saúde, etc.

- Tomar decisións sobre o mundo físico e sobre a influencia da actividade humana no medio ambiente.

6. Competencia de autonomía , iniciativa persoal e espírito emprendedor. (CSIEE)

Esta competencia fai referencia á adquisición da conciencia e dos valores e actitudes que cada un de nós temos. Supón transformar as ideas en accións, é dicir, adquirir a capacidade de planificar e levar a cabo proxectos. A responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, a capacidade de elixir, de calcular e asumir riscos, de afrontar os problemas e de aprender dos erros son importantes á hora de valorar o grao de adquisición que o alumnado ten desta competencia.

Tanto a interpretación musical como a composición son actividades que, para obter os resultados desexados, requiren unha planificación previa e de toma de decisións persoais e en grupo. Tamén permiten desenvolver capacidades como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, xa que moitas das actividades musicais propostas no Aula de Música desenvolven habilidades sociais como a empatía, que axudan ao noso alumnado a traballar de forma cooperativa e flexible, con creatividade, confianza e sentido crítico. Para iso, o alumnado necesita adquirir diferentes habilidades como, por exemplo:

- Afrontar problemas que poidan xurdir, buscar solucións creativas e aprender dos erros cometidos nas actividades de traballo propostas.
- Coñecerse a si mesmo ou a si mesma: as nosas capacidades, debilidades, fortalezas, aprender a controlar as nosas emocións.
- Desenvolver plans persoais, aprender a adecuar os nosos proxectos coas nosas capacidades, aprender a manter a motivación persoal, ser autocrítico e ter autoestima.
- Organizar tempos e tarefas, saber dialogar e negociar, ser flexible e valorar as ideas ou formulacións dos demais, traballar cooperativamente, ter confianza en si mesmo.
- Autoavaliarse, extraer conclusións, reelaborar os plans iniciais, valorar posibilidades de mellora, tomar decisións e ter unha actitude positiva ao cambio.

7. Competencia para a conciencia cultural e artística (CCEC)

Mediante a aprendizaxe da Música en secundaria incídese de forma moi directa na adquisición da competencia cultural e artística. A materia de Música “Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas.”

Apreciar o feito musical como parte da cultura leva implícito dispor de habilidades perceptivas, sensibilidade e sentido estético para poder comprender, valorar e ser capaz de emocionarse e gozar a música. A nosa materia favorece a adquisición deste tipo de habilidades. Moitos dos contidos relacionados con escoita, interpretación, creación e contextos musicais inciden na adquisición da capacitación cultural e artística.

Mediante a audición, a interpretación e o coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos, estamos desenvolvendo no noso alumnado unha actitude de respecto e aprecio á creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través da música. Iso implica tamén pór en xogo a iniciativa, a imaxinación e a creatividade propia, posto que comporta reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos así como habilidades de pensamento diverxente e converxente. Tamén posibilita ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados no respecto das manifestacións musicais distintas, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e con contextos sociais e históricos diferentes.

Ser capaz de comprender a música enriquece persoalmente ao noso alumnado e, ademais, capacítalle cara a unha mellor valoración desta manifestación artística do ser humano.

Actividades, tarefas ou propostas de traballo vinculadas coa competencia cultural e artística:

- Exercitarse na habilidade, actitude e sensibilidade que permita interpretar e escoitar manifestacións musicais de diferente culturas, épocas e estilos. Tomar conciencia da diversidade cultural e artística galega e europea.

- Comprender a evolución do pensamento e do gusto musical así como da importancia dos factores estéticos que inflúen na vida cotiá.

- Apreciar a creatividade implícita na expresión de ideas a través de diferentes composicións musicais. Utilizar a música como fonte de enriquecemento e goce. Empregar os nosos recursos para realizar creacións propias e a realización de actividades musicais en grupo.

- Considerar a música como parte do noso patrimonio cultural: coñecer as principais obras musicais incluíndo a música popular como testemuño da nosa historia, xa que, a través do coñecemento da nosa realidade cultural será posible desenvolver un achegamento ás culturas musicais doutros pobos.

- Interese e iniciativa por participar na vida cultural do noso centro e a nosa comunidade.

- Desenvolver unha actitude aberta á diversidade da expresión musical.

3. Concreción dos obxectivos para o curso.

3.1.1. Obxectivos xerais da ESO.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.1.2. Obxectivos específicos da materia de Música na ESO.

Dotar os alumnos e as alumnas:

- Dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais
- Dunha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística
- Dunha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade.
- Da capacidade de analizar obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

3.2.1. Obxectivos xerais do Bacharelato

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3.2.2. Obxectivos específicos da materia de Historia da Música e da Danza.

- Comprender a evolución da música e da danza,
- Establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron,
- Situar temporalmente as obras e construír argumentacións fundadas na súa análise e na súa valoración.

4. Concrecións da programación

4.1. 2º ESO: Música.

Contidos:

Bloque 1: Interpretación e creación

B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical

B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.

B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.

B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.

B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.

B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.

B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.

B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.

B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.

B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.

B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

Bloque 2: escoita

B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.

B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.

B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.

B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

Bloque 3: Contextos musicais e culturais

B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou

publicitaria.

B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

Bloque 4: Música e tecnoloxías

B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

Estándar de Aprendizaxe	Temp	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Actividades
MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	1º, 2º,3ºT rim.	Recoñecement o en sons illados.	Recoñecemento en audicións sinxelas. Expresión en proba escrita.	Audicións e explicacións. Exercicios en parellas.
MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	1º Trim 2º Trim	Ritmos en compases binarios, ternarios e cuaternarios simples e compostos con negras, corcheas, semicorcheas, puntillo.	Probas de lectura e interpretacións en pequenos grupos.	Exercicios de lectura rítmica utilizando distintos instrumentos. Práctica en pequenos grupos.

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	1º Trim	Uso de brancas, negras e corcheas, dentro do ámbito dunha oitava.,	Realización de ditados.	Realización de ditados.
MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	1º 2º 3º Trim	Clave de sol; lectura no pentagrama con redondas, brancas, negras corcheas e puntillo. Coñecer os matices.	Probas de lectura e interpretación, así como observación durante os ensaios na clase.	Exercicios de lectura e preparación de obras do nivel axeitado.
MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	3º Trim	Non incluído nos contidos mínimos.	Observación durante a realización de exercicios de improvisación na clase.	Explicacións e propostas de improvisación de complexidade crecente, partindo dun nivel moi básico.
MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.	3º Trim	Creación usando os elementos máis básicos e fundamentais.	Observación durante o transcurso das sesións. Valoración das pezas creadas.	Exercicios na clase utilizando os principios máis básicos da creación: repetición e variación e contraste.
MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	1º Trim	Aplicacións de ditadas técnicas e normas durante o transcurso das interpretacións, valoracións sobre as mesmas en interpretacións alleas.	Observación durante o transcurso das sesións. Realización de probas e exercicios	Exercicios prácticos vocais e instrumentais, e exercicios escritos sobre o coidado da voz, o corpo e os instrumentos. Exercicios de comprensión escrita.
MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	1º Trim	Pezas vocais axeitadas para as interpretacións. Respiración, rexistros, interpretacións.	Observación durante o transcurso das sesións. Realización de probas e exercicios	Exercicios prácticos vocais e, e exercicios escritos sobre a voz. Exercicios de comprensión escrita.

MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	1º 2º Trim	Atención a estes aspectos e intención de mellorar.	Observación durante o transcurso das sesións. Realización de probas e exercicios.	Exercicios de relaxación, resonancia, entoación previos á interpretación de obras de complexidade axeitada ao nivel do grupo.
MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	1º Trim	Atención a estes aspectos e intención de mellorar.	Observación durante o transcurso das sesións. Realización de probas e exercicios.	Explicacións, exercicios e actividades de interpretación dentro da aula, en grupo ou de xeito individual.
MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	3º Trim	Atención a estes aspectos e intención de mellorar.	Observación durante o transcurso das sesións e na realización de probas.	Explicacións, exercicios e posta en práctica en actividades de interpretación musical, individuais ou en grupo.
MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	3º Trim	Improvisacións rítmicas de breve duración, intercaladas en pezas mais longas.	Observación durante o transcurso das sesións. Realización de probas e exercicios prácticos.	Actividades de interpretación musical na que se deixan espazos para a improvisación. Actividades de creación en grupo e individual.
MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	1º, 2º, 3º Trim	Participar en todas as tarefas intentando aplicar as indicacións do profesor/a.	Observación durante o transcurso das sesións.	Nas actividades de interpretación vocal, e instrumental, individuais ou en grupo destinarase un espazo a falar da importancia da actitude e o respecto.

MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	1º, 2º, 3º Trim	Pezas con pouca complexidade rítmica: brancas, negras, corcheas, puntillo. Pouca complexidade instrumental.	Observación durante o transcurso das sesións. Probas específicas.	Actividades de interpretación vocal, e instrumental, individuais ou en grupo.
MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	1º, 2º, 3º Trim	Pezas con pouca complexidade rítmica: brancas, negras, corcheas, puntillo. Pouca complexidade instrumental.	Observación durante o transcurso das sesións. Probas específicas.	Actividades de interpretación vocal, e instrumental, individuais ou en grupo.
MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	1º, 2º, 3º trim.	Acepta e respecta as propostas de profesor/a e compañeiros/as	Observación na clase. Rúbrica para autovaloración e valoración polo profesor/a	Explicacións da importancia desta actitude no mundo da música e exercitación en cada clase e actividade.a
MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	1º, 2º, 3º Trim	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	Observación na clase. Rúbrica para autovaloración e valoración polo profesor/a	Explicacións da importancia desta actitude no mundo da música e exercitación en cada clase e actividade.

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	1º, 2º, 3º Trim	Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	Observación na clase. Rúbrica para autovaloración e valoración polo profesor/a	Explicacións da importancia desta actitude no mundo da música e exercitación en cada clase e actividade.
MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	3º Trim	Ser capaz de diferenciar as familias auditiva e visualmente.	Proba de audición.	Actividades de investigación sobre os instrumentos. Audicións guiadas.
MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	3º Trim	Ser capaz de diferenciar as familias auditiva e visualmente.	Proba de audición.	Actividades de investigación sobre os instrumentos. Audicións guiadas.
MUB2.2.1. Segue partituras como apoio á audición.	2º 3º Trim	Segue as partituras que interpretamos na clase e outra de nivel moi básico.	Proba de audición.	Actividades de audición.
MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	1º, 2º, 3º Trim	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	Observación na clase. Rúbrica para autovaloración e valoración polo profesor/a	Explicacións da importancia desta actitude no mundo da música e exercitación en cada clase e actividade.
MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.	2º, 3º Trim	Melodía, ritmo, harmonía, textura, agónica, dinámica, forma.	Realización de probas escritas de análise de audición e observación dos comentarios feitos na clase.	Actividades orais e escritas de comentario de audicións..
MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical	3º Trim	Uso de partituras de nivel sinxelo.	Proba de análise de partitura e audición.	Audicións para recoñecer e comentar os distintos diferentes

				elementos da obra, con e sen apoio de partituras.
MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	1º, 2º, 3º Trim	Terminoloxía básica referente ás propiedades do son e dos elementos da música.	Proba escrita e observación do vocabulario empregado na clase.	Comentario de todas as obras preparadas. Audicións e comentarios de audición.
MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	2º, 3º Trim	Mostrar unha actitude crítica con respecto ao consumo de música.	Observación na clase. Rúbrica para autovaloración e valoración polo profesor/a	Explicacións da importancia desta actitude no mundo da música e exercitación en cada clase e actividade.
MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	3º Trim	Mostrar coñecemento do impacto que a contaminación acústica ten sobre a saúde e o benestar.	Valoración do traballo.	Busca de información e realización de exposicións orais individuais e grupais dos traballos.
MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.	3º Trim	Saber que hai distintos tipos de danza.	Valoración dos traballos presentados en clase.	Visionado de vídeos. Pequenas exposicións de traballos individuais ou en grupo sobre distintos tipos de danzas.
MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	2º Trim	Coñecer as distintas funcións que a música desempeña na propia vida.	Valoración dos traballos individuais sobre a función da música na propia vida. Observación da participación nos debates propostos na clase.	Traballo de investigación persoal sobre a función da música na propia vida. Realización de debates.

MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	1º, 2º, 3º Trim	Amosar interese e curiosidade.	Observación na clase. Rúbrica para autovaloración e valoración polo profesor/a	Explicacións da importancia desta actitude no mundo da música e exercitación en cada clase e actividade.
MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego	3º Trim	Amosar interese e curiosidade.	Observación na clase. Rúbrica para autovaloración e valoración polo profesor/a	Explicacións da importancia desta actitude no mundo da música e exercitación en cada clase e actividade.
MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	3º Trim	Pezas con pouca complexidade rítmica: brancas, negras, corcheas, puntillo. Pouca complexidade instrumental.	Observación durante o transcurso das sesións. Probas específicas.	Actividades de interpretación vocal, e instrumental, individuais ou en grupo.
MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.	3º Trim	Ser capaz de diferenciar as familias auditiva e visualmente.	Proba de audición.	Actividades de investigación sobre os instrumentos. Audicións guiadas.

MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.	3º Trim	Coñecer a riqueza do patrimonio musical galego.	Valoración do traballo de recolección de cantigas.	Traballo de recollida e aprendizaxe dalgunha cantiga do patrimonio musical galego.
MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais	2º, 3º Trim	Terminoloxía básica referente ás propiedades do son e dos elementos da música.	Proba escrita e observación do vocabulario empregado na clase.	Comentario de todas as obras preparadas. Audicións e comentarios de audición.
MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	2º, 3º Trim	Terminoloxía básica referente ás propiedades do son e dos elementos da	Proba escrita e observación do vocabulario empregado na clase.	Comentario de todas as obras preparadas. Audicións e comentarios de audición.

		música.		
MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	3º Trim	Utilizar buscadores de información en Internet, escollendo de xeito crítico.	Realización de traballos.	Busca de información sobre estilos musicais descoñecidos. Exposicións orais e exercicios escritos sobre dita información.
MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	2º, 3º Trim	Amosar interese e curiosidade.	Observación na clase. Rúbrica para autovaloración e valoración polo profesor/a	Explicacións da importancia desta actitude no mundo da música e exercitación en cada clase e actividade.
MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	3º Trim	Coñecer buscadores e algún editor de partituras.	Realización de traballos.	Busca de información sobre estilos musicais descoñecidos. Exposicións orais e exercicios escritos sobre dita información.
MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	3º Trim	Uso dalgún secuenciador.	Realización de traballos.	Busca de información sobre estilos musicais descoñecidos. Exposicións orais e exercicios escritos sobre dita información.
MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	3º Trim	Uso das ferramentas básicas para busca de información e realización de presentacións.	Realización de traballos.	Busca de información sobre estilos musicais descoñecidos. Exposicións orais e exercicios escritos sobre dita información.

4.2. 4º ESO: Música.

Bloque 1. Interpretación e creación

B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.

B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.

B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.

B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.

B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.

B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.

B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.

Bloque 2. escoita

B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.

B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.

B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.

B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.

B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.

B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.

B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais

B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.

B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.

B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.

B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

Bloque 4. Música e tecnoloxías

B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.

B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.

B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.

B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.

B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.

Estándar de Aprendizaxe	Temp	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Actividades
MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	3º trim	Interpretación e creación de melodías sinxelas, axeitadas ao nivel	Observación e escoita directa na interpretación.	Práctica instrumental na aula en grupo e individual
MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.	2º e 3º trim	Lectura e interpretación de partituras axeitadas ao seu nivel	Observación directa na aula.	Práctica na aula de lectura rítmica, melódica e instrumental de partituras

MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	1º,2º e 3º trim	Cumpre as normas básicas de convivencia na aula.	Observación directa na aula	Exposicións orais na aula sobre temas relacionados cos contidos teóricos
MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento	2º e 3º trim	Memorizar unha partitura sinxela	Realización de probas de interpretación na aula	Actividades de interpretación vogal e instrumental, individual e en grupo.
MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.	3º trim	Realización dun traballo sinxelo na aula.	Observación durante o transcurso das sesións	Utilización de programas informáticos de gravación, manipulación e xestión do son, e utilización de programas específicos de música.
MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	3º trim	Realización de traballos sinxelos na aula	Observación durante o transcurso das sesións	Utilización de programas informáticos de gravación, manipulación e xestión do son, e utilización de programas específicos de música.
MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	2º trim	Realización de traballos prácticos e probas de tipo teórico, axeitadas ao nivel do alumnado	Exposicións orais e exames teóricos	Busca de informacións sobre a música no cine, radio e televisión. Utilización de programas informáticos de gravación, manipulación e xestión do son. Probas escritas sobre os contidos estudados na clase

MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	1º e 2º trim	Exercicios prácticos básicos axeitados ao nivel	Observación do traballo realizado nas clases e probas teóricas escritas	Análise musical de varias partituras, a través da audición. Exposicións orais de comentarios de partituras
§ MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.	2º trim	Exercicios de análise na aula adaptados ao seu nivel	Observación do traballo realizado na aula.	Análise de partituras e exposición oral dos traballos realizados
MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	3º trim	Reflexións orais ou escritas.	Realización de traballos, exercicios e probas prácticas e teóricas.	Actividades orais e escritas de crítica dos diferentes estilos e formas musicais estudados.
MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	2º e 3º trim	Exercicios, comentarios, traballos, reflexións orais ou escritos	Realización de traballos, exercicios e probas prácticas e teóricas	Actividades orais e escritas de crítica dos diferentes estilos e formas musicais relacionados cos estilos musicais estudados
MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.	1º trim	Exercicios de audicións realizados na aula	Realización de traballos escritos e probas prácticas	Actividades escritas sobre recoñecemento dos distintos estilos musicais estudados.
MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	1º trim	Exercicios de audicións na aula y probas escritas adaptadas ao nivel	Realización de traballos escritos e probas prácticas	Actividades escritas sobre o recoñecemento de distintos estilos musicais ao longo da historia

MUB2.4.3. Aмоса interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	1º trim	Traballo de aula. Observación	Realización de traballos, de carácter obrigatorio e valoración de traballos realizados con carácter voluntario	Busca de información sobre estilos musicais descoñecidos. Exposicións orais e exercicios escritos sobre dita información.
MUB2.5.1. Aмоса unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	1º, 2º e 3º trim	Exercicios, comentarios, traballos, reflexións orais ou escritos	Realización de traballos, exercicios e probas prácticas e teóricas	Exposicións orais e realización de exercicios sobre os distintos estilos musicais estudados na aula
MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	2º e 3º trim	Traballo de aula	Observación durante o transcurso das sesións.	Busca de información e realización de exposicións orais individuais e en grupo de traballos sobre música de diferentes estilos musicais. Realización de probas escritas sobre os contidos traballados na aula

MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.	3º trim	Traballo de aula. Observación	Realización de traballos, de carácter obrigatorio e valoración de traballos realizados con carácter voluntario	Busca de información sobre estilos musicais doutras culturas e épocas Exposicións orais e exercicios escritos sobre dita información.
MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.	2º trim	Traballo na aula	Realización de traballos de carácter obrigatorio e valoración dos traballos realizados de carácter voluntario	Busca de información sobre a música tradicional. Probas escritas sobre os contidos traballados na aula

MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	1º, 2º e 3º trim	Exercicios de audición realizados na aula	Realización de traballos de análise de audición, recoñecendo os elementos musicais máis significativos das mesmas	Exames sobre as audicións traballadas na aula sobre as músicas do mundo. Exposicións orais dos traballos de investigación realizados
MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	1º trim	Recoñecer as audicións traballadas na aula	Realización de traballos de recoñecemento de audicións da música popular española.	Proba de análise de audición. E probas escritas dos conceptos teóricos
MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	2º trim	Traballos básicos sobre distintas manifestacións artísticas	Realización de traballos de investigación sobre distintas manifestacións artísticas	Traballo de investigación e exposición oral dos traballos realizados
MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	1º, 2º e 3º trim	Traballos e exposicións orais	Traballos de investigación, empregando as novas tecnoloxías, sobre a música popular	Traballo de investigación sobre un aspecto da música popular. Exposicións orais dos traballos realizados
MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.	1º, 2º e 3º trim	Nivel medio	Presentación oral utilizando medios TIC.	Realización dun traballo sobre un estilo musical determinado.

MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.	3º trim	Nivel básico	Presentación oral utilizando medios TIC.	Realización dun traballo sobre un estilo musical determinado.
MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	3º trim	Observación na aula e nas exposicións orais	Observación na clase durante o transcurso das sesións	Exposicións orais

MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	2º e 3º trim	Nivel básico	Presentación oral utilizando medios TIC.	Realización dun traballo sobre un estilo musical determinado.
MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	2º e 3º trim	Nivel básico	Presentación oral utilizando medios TIC	Realización dun traballo sobre un estilo musical determinado
MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	3º trim	Nivel básico	Presentación oral utilizando medios TIC	Realización dun traballo sobre un estilo musical estudado na aula
MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.	3º trim	Nivel básico de análise dos elementos musicais nos distintos medios de comunicación.	Pequeno traballo de investigación e análise sobre a música nos distintos medios de comunicación	Preparación e exposición de audicións e vídeos realizando un comentario
MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	1º trim	Traballo de aula	Observación durante o transcurso das sesións.	Busca de información e realización de exposicións orais individuais e en grupo de traballos sobre música de diferentes épocas e culturas.
MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	1º, 2º e 3º trim	Realización de exercicios e traballos	Realización de traballos, de carácter obrigatorio e valoración de traballos realizados con carácter voluntario	Utilización de programas informáticos de gravación, manipulación e xestión do son, e utilización de programas especificament e musicais.
MUB4.5.3. Utiliza a	1º, 2º e 3º	Exposicións orais	Realización de	Utilización programa

información de xeito crítico, obtida de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.	trim		traballos, carácter obrigatorio. Observación na clase	s informáticos de gravación e manipulación do son.n de
--	------	--	---	--

4.4. 2º de Bacharelato: Historia da Música e da Danza.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Percepción, análise e documentación				
información	B1.1. escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas ou de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.	B1.1. Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.	HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.	CCEC CAA
			HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.	CMCCT
			HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.	CAA CCL
documentación	B1.2. A obra artística no seu contexto histórico. B1.3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.	B1.2. Situar cronoloxicamente unha obra, tras a súa escoita ou a súa visión e análise, ou comparar obras de similares características, representativas dos estilos ou as escolas principais, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.	HDMB1.2.1. Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.	CCEC
			HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.	CAA CCL
			HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento	CCEC

			histórico e/ou estilístico.	CCL
d n	B1.4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.	B1.3. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das épocas, os estilos ou os/as autores/as máis representativos/as da historia da música e da danza.	HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.	CCEC CAA
			HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.	CCEC CAA CSC
			HDMB1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.	CAA CSC
d e h	B1.5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.	B1.4. Analizar textos relativos á música ou á danza.	HMDB1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.	CCL CAA CCEC
			HMDB1.4.2. Elabora una análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.	CAA CCL
b d e	B1.6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.	B1.5. Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou dun comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.	HMDB1.5.1. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.	CAA CCEC CCL
			HMDB1.5.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.	CAA CCL
			HMDB1.5.3. Selecciona	CD

			pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.	CSIEE
a b d e h l p	B1.7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras. B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.	B1.6. Elaborar traballos de investigación, individuais ou en grupo, sobre algún aspecto determinado e relativo á música, a danza, a literatura ou a estética da arte de calquera época.	HMDB1.6.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.	CAA CSIEE CCEC CCL
			HMDB1.6.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.	CCL CCEC CAA
			HMDB1.6.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.	CSC CSIEE
			HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CSC CSIEE CCEC
			HMDB1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.	CCL CAA CSIEE CCEC
			HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.	CD CAA

Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media				
b d g m n p	B2.1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino.	B2.1. Identificar, a través da audición ou da visión, obras da Idade Antiga e medievais, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA CCEC CCL
	B2.2. Música profana: xogares e goliardos. B2.3. Instrumentos medievais. B2.4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta. B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega. B2.6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.		HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos	CCEC CCL CD
h n p	B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galicia e códices afonsinos. B2.8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio. B2.9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.	B2.2. Relacionar a historia da música e da danza na Idade Antiga e na Idade Media, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.	CAA CCEC CSC CCL
Bloque 3. O Renacemento				
b d g m n	B3.1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.	B3.1. Identificar obras do renacemento, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA CCEC CCL
	B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria. B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.		HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	CCEC CCL CD

	B3.5. Danzas de corte: tipos e características. B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.			
d h n p	B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.	B3.2. Relacionar a historia da música e da danza do Renacemento, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	CAA CCEC CSC CCL
Bloque 4. O Barroco				
b d g m n	B4.1. Música no Barroco: características, periodización e escolas. B4.2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa. B4.3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón. B4.4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca. B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco. B4.7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.	B4.1. Identificar obras do barroco, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	CAA CCEC CCL CCEC CCL CD
d h n p	B4.8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas. B4.9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora. B4.10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica.	B4.2. Relacionar a historia da música e da danza do barroco, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	CAA CCEC CSC CCL
Bloque 5. O Clasicismo				

b d g m n	<p>B5.1. Estilo Galante e Escola de Mannheim.</p> <p>B5.2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución.</p> <p>B5.3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria.</p> <p>B5.4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven.</p> <p>B5.5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra.</p> <p>B5.6. Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.</p>	<p>B5.1. Identificar obras do clasicismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</p>	<p>HMDB5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</p>	<p>CAA CCEC CCL</p>
			<p>HMDB5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</p>	<p>CCEC CCL CD</p>
d h n p	<p>B5.7. Clasicismo en España.</p>	<p>B5.2. Relacionar a historia da música e da danza do Clasicismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</p>	<p>HMDB5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</p>	<p>CAA CCEC CSC CCL</p>
Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo				
b d g m n p	<p>B6.1. Romanticismo.</p> <p>Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática.</p> <p>Piano romántico. Música de cámara.</p> <p>Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo.</p> <p>Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo.</p> <p>B6.2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición.</p>	<p>B6.1. Identificar obras do Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</p>	<p>HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</p>	<p>CAA CCEC CCL</p>
			<p>HMDB6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</p>	<p>CCEC CCL CD</p>

	<p>B6.3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal.</p> <p>B6.4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras.</p> <p>B6.5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso.</p> <p>B6.6. Danza española. Orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada.</p>			
d h n p	<p>B6.7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores.</p> <p>B6.8. Influencia da literatura na música.</p>	<p>B6.2.. Relacionar a historia da música e da danza no Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</p>	<p>HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</p>	<p>CAA CCEC CSC CCL</p>
Bloque 7. Primeiras tendencias modernas				
b d g m n h p	<p>B7.1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas.</p> <p>B7.2. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas.</p> <p>B7.3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravisnki.</p> <p>B7.4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX.</p> <p>B7.5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz.</p> <p>B7.6. Concepcións da orquestra no século XX.</p>	<p>B7.1. Identificar obras do Impresionismo, o Expresionismo e outros movementos da primeira metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</p>	<p>HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</p> <p>HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</p>	<p>CAA CCEC CCL</p> <p>CCEC CCL CD</p>
d h n p	<p>B7.7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna</p> <p>B7.8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo,</p>	<p>B7.2. Relacionar a historia da música e da danza da primeira metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o</p>	<p>HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo</p>	<p>CAA CCEC CSC CCL</p>

	<p>etc.</p> <p>B7.9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX.</p> <p>B7.10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República.</p> <p>B7.11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.</p>	<p>contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</p>	<p>ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</p>	
Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX.				
h m n l p	<p>B8.1. Serialismo Integral.</p> <p>B8.2. Vanguardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta.</p> <p>B8.3. Postserialismo.</p> <p>B8.4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as.</p> <p>B8.5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock.</p> <p>B8.6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.</p>	<p>B8.1. Identificar obras pertencentes aos movementos estilísticos da segunda metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando o seu pertenza a este período histórico.</p>	<p>HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</p>	<p>CAA CCEC CCL</p>
	<p>B8.7. Cante e baile flamenco.</p> <p>B8.8. Música e danza popular galega</p> <p>B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.</p> <p>B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.</p>		<p>HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</p>	<p>CCEC CCL CD</p>
d h n p	<p>B8.7. Cante e baile flamenco.</p> <p>B8.8. Música e danza popular galega</p> <p>B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.</p> <p>B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.</p>	<p>B8.2. Relacionar a historia da música e da danza da segunda metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</p>	<p>HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</p>	<p>CAA CCEC CSC CCL</p>
Bloque 9. A música tradicional no mundo.				
h n l g p	<p>B9.1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega.</p> <p>B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas.</p> <p>B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía,</p>	<p>B9.1. Identificar obras da música tradicional, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, distinguindo estilos, estéticas e usos.</p>	<p>HMDB.9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.</p>	<p>CCEC CCL CD</p>

	morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos. B9.4. Organoloxía. Introducción aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico.			
--	---	--	--	--

5. Concrecións metodolóxicas.

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán una alternativa preferente para desenvolver as actividades educativas no caso de que éstas teñan que realizarse de forma non presencial ou semipresencial. Ademais, terán un carácter eminentemente práctico e potenciarán o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

5.1. Metodoloxía didáctica na ESO.

A metodoloxía será dinámica e participativa:

- Fomentarse o traballo colectivo de todo o grupo baixo a coordinación e orientación do profesorado. A función do/da ensinante será, pois, a de organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe.
- O método basearase tamén na explicación por parte do profesorado dos conceptos máis teóricos e a realización de tarefas para aplicar practicamente eses conceptos. Os contidos teóricos serán na medida do posible complementados cunha actividade práctica
- Terá moito peso na aula a práctica da escoita activa de fragmentos musicais, se analizarán partituras e musicogramas, elaboraranse fichas sobre as obras musicais e os compositores e intérpretes e se realizarán análises estilísticas- en maior ou menor medida dependendo do nivel- das obras escoitadas.
- Adicarase especial atención á consecución de destrezas rítmicas e de práctica vocal e instrumental do alumnado, traballando coa percusión corporal e aplicacións web de simulación instrumental.
- Combinarase o traballo individual co traballo de grupo tanto nos aspectos de interpretación musical como na realización de traballos teóricos.
- Primará unha metodoloxía activa dando o maior protagonismo posible ó propio alumnado nos seus procesos de aprendizaxe, abrindo espazos para a busca de información, a reflexión e o compartir entre compañeiras e compañeiros. Ademais será activa na busca de información, na reflexión, elaboración e exposición de ideas, dando espazo o alumnado para desenvolver a propia autonomía no proceso de aprendizaxe.

5.2. Metodoloxía didáctica no Bacharelato.

O principal obxectivo no bacharelato debe ser fornecer ó alumnado cos instrumentos necesarios para que sexa o protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe. Tendo isto en conta:

- O primeiro paso será expoñer de xeito claro os conceptos básicos da nosa materia de Música utilizando as ferramentas necesarias, tanto as tradicionais como as máis modernas baseadas nas TIC. Para afianzar estes conceptos básicos se farán abundantes exercicios de práctica rítmica e melódica, improvisacións, audicións,...
- Cando o alumnado coñeza estes conceptos básicos estará en condicións de abordar a inxente cantidade de información que ten ó seu dispor, especialmente a través da rede, e de discernir cal é de confianza e cal non.
- Este último aspecto se valorará coa realización de traballos de diversos tipo nos que sexa protagonista a pesquisa e o cribado da información. Co fin de potenciar a autonomía do alumnado e de favorecer unha aprendizaxe significativa, ó longo do curso o alumnado terá que plantexar e realizar proxectos individuais e en grupo que inclúan aspectos teóricos e aspectos artísticos. Os temas dos mesmos serán escollidos a partir dos contidos da materia e das áreas de interese do alumnado. Deste xeito dámoslle o maior protagonismo posible ó propio alumnado nos seus procesos de aprendizaxe, abrindo espazos para a busca de información, a reflexión e o compartir entre compañeiras e compañeiros.
- Na parte práctica, o traballo cooperativo en grupo vai ter un peso especialmente alto nesta materia. Cando se realiza música en grupo os logros individuais so teñen sentido se o resto dos membros do grupo acadan un nivel similar. Ademais é un xeito de que alumnos e alumnas de distinto nivel musical podan traballar xuntos.
- De forma constante, combinaremos o traballo individual co traballo de grupo tanto nos aspectos de interpretación musical como na realización de proxectos.

6. Materiais e recursos didácticos.

6.1. Espazos: Como norma xeral as clases desenvólvense na aula específica da materia. Un día cada semana, os cursos de Bacharelato terán clase na Aula de Informática, onde se utilizarán os ordenadores para a elaboración de traballos de investigación relacionados con distintos aspectos do currículo.

6.2. Recursos didácticos e materiais: O Departamento conta cos seguintes recursos didácticos:

- Ordenador con acceso a Internet, canón de proxección (Kit edixgal), pantalla e impresora.
- Colección de discos compactos
- Biblioteca de aula
- Instrumentos musicais: teclados dixitais, instrumentos Orff, guitarras, ukeleles baixo eléctrico con amplificador, batería, frautas e outro material de percusión.

6.3. Material curricular para o alumnado: Como o les Pedro Floriani está adscrito ao programa Edixgal, este curso non hai libro de texto na ESO. O material curricular para o alumnado está publicado no correspondente curso da plataforma Edixgal.

O alumnado de Bacharelato non terá libro de texto obrigatorio, xa que, tratándose de materias optativas, as editoriais non publicaron moitos manuais. O material curricular para estes alumnos está elaborado pola profesora da materia e compartido co alumnado a través de Google Drive, ademais de publicado no correspondente curso da Aula Virtual.

7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación.

7.1. 2º ESO: Música.

7.1.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación é un proceso continuo.

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado, **promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás** distintas situacións de aprendizaxe.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesión de avaliación parciais. O periodo abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de **apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.**

Os instrumentos para la avaliación serán os seguintes:

- **Probos obxectivos:** como mínimo unha proba teórica escrita de contidos e audición musical, que poderá ser tipo test por cada avaliación. Con todo, e dependendo sempre das características do noso alumnado, as devanditas probas poderán ser substituídas por outros procedementos de avaliación. Así, os exames tipo test, a realización e exposición de traballos individuais ou colectivos e mesmo o emprego dos formatos dixitais, poderán utilizarse como medios para avaliar os alumnos.
- **Interpretación e creación** de actividades de percusión corporal, interpretación vocal e instrumental con instrumentos ou aplicacións informáticas de simulación instrumental, individualmente ou en grupo.
- Realización, entrega e exposición oral, individual ou en grupo, de **traballos de investigación.** Mediante estes proxectos valoraremos o uso das tecnoloxías e parte dos contidos música e os contextos culturais.
- **Observación sistemática na aula:** preguntas e intervencións orais.

7.1.2. Contidos mínimos esixibles para unha avaliación positiva

- Identificar as cualidades do son e os elementos básicos da obra musical.
- Recoñecer os elementos da linguaxe musical: manexo dos elementos básicos contidos nunha partitura: pentagrama, figuras, silencios, clave de Sol e Fa en 4ª liña, alteracións.
- Interpretar patróns rítmicos básicos utilizando os instrumentos Orff e/ou a percusión corporal.
- Interpretar as pezas estudadas na aula coa fruta doce e/ou outros instrumentos musicais dispoñibles.
- Recoñecer e identificar a través da escoita activa de pezas de diferentes estilo as voces humanas e os instrumentos musicais tanto no seu aspecto físico como tímbrico, así como as agrupacións vocais e instrumentais: os coros, a orquestra, a banda, os grupos de jazz e de música actual, os instrumentos musicais tradicionais e de outras culturas.
- Manexar o léxico específico musical básico.
- Expresarse con claridade e rigor tanto oralmente como na escrita.

7.1.3. Sistemas e criterios de cualificación.

7.1.3.1. Cualificación por avaliación:

Para a cualificación en cada avaliación se fará unha media ponderada de todas as cualificacións obtidas nos seguintes apartados:

- **Probas obxectivas** : probas teóricas escritas de contidos e audición musical, que poderán ser tipo test. Con todo, e dependendo sempre das características do noso alumnado, as devanditas probas poderán ser substituídas por outros procedementos de avaliación. Así, os exames tipo test, a realización e exposición de traballos individuais ou colectivos e mesmo o emprego dos formatos dixitais, poderán utilizarse como medios para avaliar os alumnos. **30%** da cualificación final, sendo necesario obter un mínimo dun **3 para facer a media**.
- **Probas de práctica rítmica, instrumental ou vocal, e proxectos audiovisuais: 30 %** da cualificación total, sendo necesario obter un mínimo dun **3 para facer a media**.
- **Resolución de traballos de investigación e síntese, exposicións orais individuais ou colectivas, expresión oral e escrita: 30 %** da cualificación total, sendo necesario obter un mínimo dun **3 para facer a media**.
- **Contidos actitudinais:** Este apartado inclúe a valoración dos estándares de aprendizaxe máis relacionados coa actitude: Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, amosa respecto cara ás propostas do profesor e os compañeiros/as, participa activamente na clase, colabora con actitude de mellora, compromiso e respecto, valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición, amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas: **10%**.

A ausencia ás probas obxectivas ou a non presentación dos proxectos audiovisuais non xustificada documentalmente conlevará a obtención da cualificación de SUSPENSO na devandita proba. A repetición do exame ao que non se asista neste suposto non procede en ningún caso.

7.1.3.2. Cualificación final.

Para o alumnado que teña materias ou ámbitos sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

A **nota da avaliación ordinaria** será a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións e a evolución do alumno/a ao longo do curso. O sistema de cualificación será o seguinte: Insuficiente (1-4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7-8) e Sobresaliente (9-10).

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa, realizará as actividades de recuperación, traballos e probas escritas de todas as avaliacións suspendidas. No caso de que os suspenso sexa consecuencia de non ter presentado os proxectos ou exposicións, terán que presentalos ou expoñelos antes da avaliación final. O procedemento será o mesmo coas probas de interpretación musical.

O alumnado coas tres avaliacións aprobadas realizará actividades de reforzo, repaso, ampliación e investigación sobre algunha parte do temario, tanto no aspecto práctico (interpretación musical) como teórico. Estas actividades serán tidas en conta á hora de calcular a nota final, podendo subir **ata 1 punto**.

7.2. 4º ESO: Música

7.2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación é un proceso continuo.

Os instrumentos para la avaliación serán os seguintes:

- **Probas obxectivas:** unha proba teórica escrita de contidos e audición musical, que poderá ser tipo test unha proba práctica de linguaxe musical e unha proba de interpretación vocal ou instrumental por cada avaliación. Con todo, e dependendo sempre das características do noso alumnado, as devanditas probas poderán ser substituídas por outros procedementos de avaliación. Así, os exames tipo test, a realización e exposición de traballos individuais ou colectivos e mesmo o emprego dos formatos dixitais, poderán utilizarse como medios para avaliar os alumnos.
- **Interpretación e creación** de actividades de percusión corporal, interpretación vocal e instrumental con instrumentos ou aplicacións informáticas de simulación instrumental, individualmente ou en grupo.
- Realización, entrega e exposición oral, individual ou en grupo, de **traballos de investigación**. Mediante estes proxectos valoraremos o uso das tecnoloxías e parte dos contidos música e os contextos culturais.
- Observación sistemática na aula: preguntas e intervencións orais.

7.2.2. Contidos mínimos esixibles para unha avaliación positiva

- Saber recoñecer, ler e escribir os elementos básicos da linguaxe musical para unha mellor preparación para a interpretación vocal e instrumental das obras musicais.
- Utilizar a terminoloxía adecuada na análise das obras musicais obxecto de escoita.
- Consultar e realizar actividades de consulta e busca de información sobre a música e os medios de comunicación.
- Recoñecer algunhas das mostras máis importantes do patrimonio musical español, galego e de outras culturas.
- Saber analizar obras musicais mediante o uso de partituras e audicións, atendendo ás súas características formais e estilísticas.
- Mostrar interese por ampliar o gusto musical, achegándose ao repertorio musical de outras culturas con actitude respectuosa e curiosa.
- Interese por profundar no coñecemento de composicións musicais de distintos estilos e procedencias.
- Interpretar pezas coa frauta doce e outros instrumentos musicais así como facer correctamente os exercicios de rítmica e percusión corporal.

7.2.3. Sistemas e criterios de cualificación.

7.2.3.1. Cualificación por avaliación:

Para a cualificación en cada avaliación se fará unha media ponderada de todas as cualificacións obtidas nos seguintes apartados:

- **Probas obxectivas** : probas teóricas escritas de contidos e audición musical, que poderán ser tipo test. Con todo, e dependendo sempre das características do noso alumnado, as devanditas probas poderán ser substituídas por outros procedementos de avaliación. Así, os exames tipo test, a

realización e exposición de traballos individuais ou colectivos e mesmo o emprego dos formatos dixitais, poderán utilizarse como medios para avaliar os alumnos. **30%** da cualificación final, sendo necesario obter un mínimo dun **3 para facer a media**.

- **Probas de práctica rítmica, instrumental ou vocal, e proxectos audiovisuais: 30 %** da cualificación total, sendo necesario obter un mínimo dun **3 para facer a media**.

- **Resolución de traballos de investigación e síntese, exposicións orais individuais ou colectivas, expresión oral e escrita: 30 %** da cualificación total, sendo necesario obter un mínimo dun **3 para facer a media**.

- **Contidos actitudinais:** Este apartado inclúe a valoración dos estándares de aprendizaxe máis relacionados coa actitude: Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, amosa respecto cara ás propostas do profesor e os compañeiros/as, participa activamente na clase, colabora con actitude de mellora, compromiso e respecto, valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición, amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas: **10%**.

A ausencia ás probas obxectivas ou a non presentación dos proxectos audiovisuais non xustificada documentalmente conlevará a obtención da cualificación de SUSPENSO na devandita proba. A repetición do exame ao que non se asista neste suposto non procede en ningún caso.

7.2.3.2. Cualificación final.

Para o alumnado que teña materias ou ámbitos sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

A **nota da avaliación ordinaria** será a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións e a evolución do alumno/a ao longo do curso. O sistema de cualificación será o seguinte: Insuficiente (1-4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7-8) e Sobresaliente (9-10).

O alumnado que teña algunha avaliación suspensa, realizará as actividades de recuperación, traballos e probas escritas de todas as avaliacións suspendidas. No caso de que os suspenso sexa consecuencia de non ter presentado os proxectos ou exposicións, terán que presentalos ou expoñelos antes da avaliación final. O procedemento será o mesmo coas probas de interpretación musical.

O alumnado coas tres avaliacións aprobadas realizará actividades de reforzo, repaso, ampliación e investigación sobre algunha parte do temario, tanto no aspecto práctico (interpretación musical) como teórico. Estas actividades serán tidas en conta á hora de calcular a nota final, podendo subir **ata 1 punto**.

7.4. 2º de Bacharelato: Hª da Música e da Danza.

7.4.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación é un proceso continuo.

Os instrumentos para la avaliación serán os seguintes:

- **Probas obxectivas:** probas teóricas escritas de contidos e audición musical, que poderán ser tipo test. Con todo, e dependendo sempre das características do alumnado, as devanditas probas

poderán ser substituídas por outros procedementos de avaliación, tales como a realización de traballos individuais ou colectivos e mesmo o emprego dos formatos dixitais.

- **Actividades de consulta, síntese e busca de información** sobre obras musicais, compositores/as, períodos estilísticos, instrumentos musicais, xéneros musicais, etc. Mediante estes proxectos valoraremos o uso das tecnoloxías e parte dos contidos música e os contextos culturais.
- **Observación sistemática na aula:** preguntas e intervencións orais.
- **Realización, entrega e exposición oral,** individual ou en grupo, **de traballos de investigación.** Mediante estes proxectos valoraremos o uso das tecnoloxías e parte dos contidos música e os contextos culturais.

7.4.2. Contidos mínimos esixibles para unha avaliación positiva

- Saber recoñecer, ler e escribir os elementos básicos da linguaxe musical para unha mellor preparación para a interpretación vocal e instrumental das obras musicais.
- Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.
- Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das épocas, os estilos ou os/as autores/as máis representativos/as da historia da música e da danza.
- Analizar textos relativos á música ou á danza.
- Análise de obras musicais con escoita activa.
- Consultar e realizar actividades de consulta e busca de información sobre a música e os medios de comunicación.
- Recoñecer algunhas das mostras máis importantes do patrimonio musical español, galego e de outras culturas.
- Saber analizar obras musicais mediante o uso de partituras e audicións, atendendo ás súas características formais e estilísticas.
- Mostrar interese por ampliar o gusto musical, achegándose ao repertorio musical de outras culturas con actitude respectuosa e curiosa.
- Interese por profundar no coñecemento de composicións musicais de distintos estilos e procedencias.

7.4.3. Sistemas e criterios de cualificación.

7.4.3.1. Cualificación por avaliación:

Para a cualificación en cada avaliación se fará unha media ponderada de todas as cualificacións obtidas nos seguintes apartados:

- **Probos obxectivos de contidos teóricos e audición musical: 30 %** sobre a cualificación total.
- **Resolución de traballos de investigación e síntese, exposicións orais individuais ou colectivas, expresión oral e escrita: 60 %** sobre a cualificación total.
- **Contidos actitudinais:** Este apartado inclúe a valoración dos estándares de aprendizaxe máis relacionados coa actitude: Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, amosa respecto cara ás propostas da profesora e os compañeiros/as, participa activamente na clase, colabora con actitude de mellora, compromiso e respecto, valora e aplica o silencio como elemento

indispensable para a interpretación e a audición, amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas: **10%**.

A ausencia ás probas obxectivas non xustificada documentalmente suporá obter a cualificación de SUSPENSO na devandita proba. A repetición do exame ao que non se asista neste suposto non procede en ningún caso.

7.4.3.2. Cualificación final.

A cualificación final obterase da media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións.

O sistema de cualificación será o seguinte: Insuficiente (1-4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7-8) e Sobresaliente (9-10).

O alumnado que suspenda algunha das avaliacións realizará unha proba obxectiva para recuperar a avaliación suspensa a principios de xuño, na avaliación ordinaria. No caso de que os suspenso sexa consecuencia de non ter presentado os proxectos ou exposicións, terán que presentalos ou expoñelos antes da avaliación ordinaria.

No caso de que un/unha alumno/a non se presente a algunha das probas,- sen que sexa debidamente xustificada dita falta-, ou se negue a realizar algunha das probas propostas ao longo do curso académico, este feito suporá a non superación da avaliación, obtendo a cualificación de INSUFICIENTE. Este criterio será aplicado tanto nas avaliacións parciais como na avaliación ordinaria final de maio e na extraordinaria de xuño.

7.4.3.3. Avaliación extraordinaria. Convocatoria de xuño.

O período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

O alumnado que non superara a materia na convocatoria de maio realizará unha proba escrita de contidos teóricos e de audición musical (50% do valor global cada unha). Con todo, e dependendo sempre das características do noso alumnado, as devanditas probas poderán ser substituídas por outros procedementos de avaliación: exames tipo test, realización de traballos individuais ou colectivos e mesmo o emprego dos formatos dixitais, poderán utilizarse como medios para avaliar os alumnos.

A non realización dalgunha de ditas probas conlevará a non superación da materia.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

8.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

8.2. Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				

16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

9.1. Plan de traballo para a superación de materias pendentes na ESO.

Aínda que neste momento non hai alumnado coa materia de Música pendente, pode ser que ao longo do curso se matricule algún alumno ou alumna nova, que sí a teña. Nese caso, este será o plan de traballo:

O alumnado poderá optar por superar as materias pendentes de xeito parcial ao longo do curso. A profesora encargada do seu seguimento asignaralle o plan de traballo. O alumnado da ESO será convocado a reunións informativas, nas que se lles darán pautas e se lles asignarán as tarefas a realizar. Para calquera aclaración ou resolución de dúbidas que se lle poidan presentar aos alumnas ou alumnos coa materia pendente, poderán dirixirse en todo momento ao profesorado.

O alumnado que teña a materia de Música pendente deberá realizar probas, alomenos unha por trimestre, ao longo do presente curso académico. A realización de todas as probas sinaladas e a dos traballos encomendados será obrigatoria para todos os alumnos, se queren superar por parciais a materia.

En ditas probas o alumnado que ten a materia pendente de cursos anteriores deberá acreditar a súa suficiencia na materia. O contido específico das probas será deseñado polo profesorado do Departamento e conterà- en calquera caso- os mesmos contidos mínimos que se fixan nesta programación para o nivel de estudos correspondente.

O/a alumno/a que non realice algunha das probas trimestrais, realizará unha proba global única no mes de maio (convocatoria ordinaria), ou, de ser o caso, en xuño (convocatoria extraordinaria).

As convocatorias e notificacións expóranse, con suficiente antelación, na aula do Departamento, e se publicarán no curso de Edixgal da materia.

Contidos das probas:

- 1º avaliación: Elaboración dun traballo manuscrito ou usando un editor de texto cunha extensión de entre seis a oito folios sobre un tema da programación ou realización de traballos tipo webquest. Para o desenvolvemento de dito traballo o alumnado poderá manexar cantas fontes (libros de texto, manuais, Internet, etc...) considere necesarias e, en calquera caso, deberá citar a bibliografía consultada. Pódense así mesmo utilizar ilustracións (fotos e debuxos dos instrumentos, por exemplo).
- 2º avaliación: Proba de simulación de interpretación instrumental ou de interpretación de patróns rítmicos. O/a alumno/a deberá interpretar con algunha das aplicacións que o permitan unha peza musical seleccionada ao chou das contidas nos libros de texto. O mesmo se fará cos exercicios rítmicos.

- 3ª avaliación: Proba escrita, tipo test, con preguntas de resposta múltiple . Sobre os contidos teóricos e léxico especificamente musical do curriculum correspondente a cada curso, que incluíra tamén preguntas sobre audicións feitas na clase.

Avaliación:

Todos os instrumentos de avaliación: probas obxectivas de contidos teóricos e de audición musical, os proxectos de investigación profundización e as súas exposicións, e as probas de interpretación musical terán un valor de 30 %, sendo necesario obter un mínimo dun 3 para facer a media. O 10% restante da nota obteráse valoración dos estándares de aprendizaxe máis relacionados coa actitude: amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, amosa respecto cara ás propostas do profesor e os compañeiros/as, participa activamente na clase, colabora con actitude de mellora, compromiso e respecto, valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición, amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas.

A **nota da avaliación ordinaria** será a media das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións e a evolución do alumno/a ao longo do curso. O sistema de cualificación será o seguinte: Insuficiente (1-4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7-8) e Sobresaliente (9-10).

9.2. Plans de seguimento para a superación de materias pendentes no Bacharelato.

Aínda que neste momento non hai alumnado coa materia de Música pendente, pode ser que ao longo do curso se matricule algún alumno ou alumna nova que sí a teña. Nese caso, este será o plan de traballo:

A recuperación farase ó longo do do curso e o contido do programa da materia será dividida en tres partes, unha para cada avaliación. Cada avaliación o alumnado terá que elaborar unha serie de proxectos de investigación relacionados co curriculum para a parte de teoría, e para a parte práctica deberá facer unha proba de percusión corporal na 1ª avaliación, unha proba de interpretación vocal na 2ª avaliación, e un traballo audiovisual para a 3ª avaliación.

A nota final da materia será a media aritmética de todas as probas.

En caso contrario realizará unha proba única de toda a materia, que contará o 100 % da cualificación, e incluirá unha parte de teoría (exame tipo test) e unha parte práctica (que pode ser interpretación vocal ou de percusión corporal).

As convocatorias e notificacións expóranse, anticipadamente, na Aula de Música e se publicará na Aula Virtual do curso.

9.3. Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor na ESO.

A principio de curso, unha vez estean elaboradas as listas definitivas, farase unha reunión de Departamento para tratar o tema do alumnado repetidor. Nesta reunión se determinarán as causas que motivaron a repetición de curso (baixo nivel na adquisición das competencias, desinterese, actitude, absentismo, etc) ca axuda se for preciso de informes doutros Departamentos, especialmente o de Orientación.

O alumnado de baixo rendemento académico se incorporará, xa dende principio de curso, ás medidas de reforzo educativo do propio Departamento detalladas no apartado correspondente.

Outro tipo de problemáticas que precisen medias especiais que excedan o ámbito do noso Departamento deberán ser consensuadas con outros Departamentos e coordinadas polo Departamento de Orientación.

Para o alumnado coa materia do curso anterior suspensa adoptaranse medidas como as seguintes:

- Atención especial sobre a súa participación, asistencia e traballo cotiá.
- Proposta de actividades de reforzo adecuadas a cada fase do aprendizaxe.
- Comunicación constante co titor ou titora para facer o seguimento do avance do alumno ou alumna.

Para o alumnado coa materia aprobada do curso anterior se adoptarán outras medidas, que inclúen:

- Proposta de actividades de ampliación que favorezan a adquisición de competencias e a preparación para cursos posteriores.
- Participación do alumnado en tarefas cooperativas nas que os seus coñecementos previos podan influír positivamente no aprendizaxe dos seus compañeiros e compañeiras.

10. Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

Non existe esta casuística no Departamento de Música. Ningunha das materias que se imparten requiren ter coñecementos previos.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Ao longo das primeiras semanas do curso levarase a cabo a avaliación inicial mediante a observación do alumnado durante a realización de actividades eminentemente prácticas:

- Exercicios de lectura musical e de interpretación vocal e instrumental.
- Proba oral e/ou escrita sobre os conceptos básicos do curso precedente.

En función dos resultados obtidos, as alumnas ou alumnos que non demostraran ter unha base mínima que lles permita seguir o curso con normalidade, terán que facer unha serie de actividades programadas pola profesora en terán un seguimento individualizado.

12. Medidas de atención á diversidade.

A diversidade na aula pode tomar diferentes aspectos: diversidade cultural-xa sexa de orixe xeográfica ou determinada polo contorno socioeconómico-, diversidade de intereses- alumnado cun interese específico pola área de música ou con gustos estilísticos moi dispares-, diversidade de aptitudes ou capacidades e presenza na aula de alumnado con algún tipo de discapacidade.

O profesorado de música tratará de dar resposta ás necesidades educativas que se deriven destas diversidades na aula. As actividades e os materiais procurarán unha certa flexibilidade de aplicación e adaptación, tanto no ámbito individual como no traballo en grupo e colectivo. Os materiais e o repertorio de obras admite diferentes niveis de profundización e complexidade. A maioría das pezas musicais instrumentais se presentan con certas suxestións para que se lle engadan liñas rítmicas ou melódicas, con diferentes niveis de dificultade. Isto permitirá unha interpretación adaptada a cada grupo, e ao mesmo tempo, unha distribución de papeis segundo as habilidades individuais do alumnado. Se temos en conta que a interpretación colectiva dunha peza musical funciona como unha engrenaxe, o esforzo e as capacidades de cada alumno contribuirán igualmente ao efecto global da peza e ao seu éxito.

En calquera caso, potenciarase o traballo cooperativo e serán tidos en conta os distintos graos de coñecementos previos que se detecten nos alumnos (como por exemplo, aqueles que estudan ou practican un instrumento musical extraescolarmente, formando parte de bandas ou outros grupos musicais e que posuirán un dominio técnico máis fondo e amplo da linguaxe musical, polo tanto).

O repertorio de audicións e pezas para interpretar intentarase que sexa variado, co obxectivo de dar a coñecer ao alumnado un amplo abano musical como para dar cabida no posible á multiplicidade de gustos e preferencias que, sen dúbida, están sempre presentes na aula.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, (en base ao recollido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño) por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o noso Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan.

13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán ao longo do curso.

Ademáis das concrecións sobre os elementos transversais xa expostas nos bloques correspondentes a cada curso, se exponen a continuación as aportacións do Departamento de Música aos distintos plan do centro:

1. Actividades relacionadas co Plan TIC.

As tecnoloxías teñen suposto unha auténtica revolución para o mundo da música e representan un potencial enorme á hora de modificar a aprendizaxe no eido da educación musical.

O alumnado pode acceder en calquera momento á inxente cantidade de información musical dispoñible na Rede (presentada en arquivos de audio, texto, imaxe e vídeo), favorecendo a ampliación dos seus coñecementos e construíndo novas aprendizaxes que se poderían relacionar cos propostos no currículo escolar.

Todo isto, sumado ás posibles situacións de empeoramento da pandemia que obriguen a unha ensinanza semipresencial ou non presencial, levanos a repensar os deseños curriculares e a metodoloxía tradicional da aula, a función da aprendizaxe musical e incluso o papel que o profesorado deberá cumprir neste novo mundo tan complexo.

Na Rede podemos atopar información practicamente sobre todos os temas musicais e educativos que podamos imaxinar: arquivos de audio, partituras, imaxes, vídeos, bases de datos, software e, ata incluso, páxinas que pódennos permitir compoñer música ou interpretar música online.

Neste enlace pódese consultar a Programación TIC enviada ao equipo TIC do centro:.

2. Tratamento do fomento da lectura

Somos conscientes da necesidade de potenciar a lectura en todas as áreas do currículo educativo, tanto na Secundaria Obrigatoria como no Bacharelato. Un dos motivos da falla de rendemento académico do alumnado está estreitamente relacionado cos problemas de expresión tanto oral como escrita. A potenciación da lectura comprensiva na aula farase na área de música na Secundaria Obrigatoria a través da lectura en voz alta de textos dos libros de texto e a análise e o comentario de artigos de revistas e xornais na súa versión web, así como lecturas de artigos de blogs e páxinas web sobre música. Para o alumnado de Bacharelato se ten elaborado unha listaxe que contén unha selección de lecturas de obras literarias vencelladas ao mundo da música, que abranguen desde biografías de compositores e intérpretes ata novelas, contos ou relatos de xéneros e épocas diversas. Esta listaxe foi elaborada tendo en conta a adecuación dos contidos dos libros e, ata certo punto, os posibles intereses e gustos do propio alumnado.

2.1. Libros recomendados.

- Nina Berberova, *La reconstrucción de Mozart*, Edit. Circe, 1991
- David Mason, *El afinador de pianos*, Edit. Salamandra, 2002. Tamén en edición de peto. Quinteto.
- Vikram Seth, *Una música constante*, Edit. Quinteto Edhasa. PVP: 8,95 euros.
- Alessandro Baricco, *Novecento. La leyenda del pianista en el océano*, Edit. Compactos Anagrama, 1999.
- Alejo Carpentier, *Concierto barroco*, Edit. Alianza, Biblioteca A. Carpentier, 1998

- Donna Leon, *Muerte en La Fenice*, Edit. Seix y Barral, 2004. Edición de peto.
- Thomas Bernhard, *El malogrado*, Edit. Alfaguara, 1985
- Haruki Marukami, *Sputnik, mi amor*, Tusquets Editores
- Christopher Bram, *El célebre Doctor August*, Espasa Calpe, 2006
- Philippe Sollers, *Misterioso Mozart*, Alba Editorial, 2003
- Alejo Carpentier, *Ese músico que llevo dentro*, Alianza Editorial, 1987
- Pascal Quignard, *La lección de música*, Edit. Funambulista, 2005
- Doris Grömbach, *Música de cámara*, Edit. Bruguera, 1986.
- Jessica Douglas-Home, *Violet*, Edit. Circe, 1998
- Toni Morrison, *Jazz*, Ediciones B.
- Jean Rhys, *Déjales que le llamen jazz*, Edit. Penguin, 1995
- Patrick Süskind, *El contrabajo*.
- Montserrat Albet, *Mozart*, Editorial de peto Booket.
- Batyas Gur, *Un asesinato musical*, Editorial Siruela
- Robert Schneider, *Hermana del sueño*, Editorial Tusquets
- Vernon Lee, *La voz maligna*, Editorial Atalanta.
- Fernando Trías de Bes, *El coleccionista de sonidos*, Editorial Alfaguara.

2.2. Libros de consulta de Música para os fondos da biblioteca do Instituto.

- *¿Qué es eso de la ópera?* Editorial Ma non troppo.
- *Compositores de música clásica*. Diccionario Espasa. Edición a cargo de Marc Honnegger.
- *Léxico de música*, Roy Bennett. Akal Editorial, 2003. Guía Akal de la música, Stanley Sadie. Akal Editorial
- *¿Hay música en el hombre?*, John Blacking, Alianza editorial, 2006
- *La música*, Alberto Ausoni, Electa Random House Mondadori, 2006.
- *El ABC de la música clásica. Todo lo que hay que saber*, Eckhardt van den Hoogen, Editorial Taurus, 2004.
- *Escuchar*, Fernando Palacios, Ediciones Fundación Orq. Fil. Gran Canaria, 1997.
- *Música, imagínense*, Juan Ángel Vela del Campo, Simancas Editores, 1998.
- *La naturaleza de la música*, Maureen McCarthy Draper, Edit. Paidós, 2002.
- *El alma de Hegel y las vacas de Wisconsin*, Alessandro Baricco, Edit. Siruela, 1999.
- *Mozart*, Gabriel Jackson, Edit. Península, 2006.
- *La música en el cine*, Russell Lack, Edit. Cátedra, 1999.
- *De Madonna al canto gregoriano*, Nicholas Cook, Música Alianza Editorial, 2001.
- *Músicas del mundo*, Elizabeth Sharma, Akal Colección Entorno musical nº 8, 2006
- *Diccionario Música (2 volumes: I. Términos musicais II. Compositores)*. Editorial Ma non troppo.
- *Diccionario Akal /Grove de la Música*. Editorial Akal.
- *La dictadura del videoclip. Industria musical y sueños prefabricados*, Jon E. Illescas. Edit. El viejo topo, 2015.

3. Actividades para contribuir ao Plan de Convivencia.

O Departamento contribuirá a mellorar a convivencia no centro segundo o indicado no plan de convivencia do centro. Neste apartado consideramos que a mellor maneira de fomentar unha boa convivencia entre o membros da comunidade educativa e o exemplo diario: trato co alumnado,

resolución dos conflitos que xurdan na aula baseados no diálogo, etc. As normas consensuadas no centro para garantir e favorecer a convivencia entre os membros da comunidade educativa terán sempre en conta a esixencia de respecto ao traballo do profesorado en calquera actividade dentro e fora da aula e a esixencia de respecto ás normas que aparecen no Plan de Convivencia vixente.

4. Actividades relacionadas coa formación en valores.

O Departamento contribuirá á formación en valores do noso alumnado nos termos que indique o plan de formación en valores do centro. A música, no seu dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ao desenvolvemento do alumno no plano intelectual- organizando ideas dentro duns parámetros musicais- e ao mesmo tempo no plano emocional/afectivo- como modo de expresión persoal e de interrelación cos demais.

Por todo iso, a música posúe un gran potencial no desenvolvemento do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita activa, tolerancia e respecto cara ós demais e cara ao contorno e tamén contribúe de xeito evidente á consecución dos seguintes valores:

- **Educación cidadá e educación para a paz:** Aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento doutras culturas a través da súa música.

- **Educación para a saúde:** A práctica da música contribúe ao establecemento de hábitos de hixiene física e mental. Este aspecto cuidase de maneira específica nos contidos que fan referencia á educación da voz e a corrección postural que son requiridas tanto no canto como na expresión instrumental. A música fomenta a comunicación e no desenvolvemento da expresividade, permitindo afondar no propio coñecemento e na súa propia aceptación.

- **Igualdade entre os sexos:** No mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinación histórica da muller nos ámbitos que supoñen certa proxección social. As actividades que serán desenvolvidas nas aulas de música non deberán dar cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución de instrumentos musicais para realizar unha interpretación, nin na elección de cancións que conteñan textos ou linguaxe vexatorios ou discriminatorios para un ou outro sexo.

- **Educación do/a consumidor/a:** O mercado relacionado co consumo da música ten un forte volume económico, sendo o alumnado de Secundaria e Bacharelato un gran consumidor de produtos musicais. É importante que o alumnado adquira criterios de opcionalidade e de calidade que lle permitan consumir produtos musicais de xeito libre pero razoado. Deberá fomentarse entre os alumnos unha actitude crítica e responsable fronte ao consumo indiscriminado.

- **Educación ambiental:** É preciso concienciar ao alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva, e ás veces agresiva, do ruído do contorno. Fomentarse a valoración do silencio como un elemento tamén musical.

14. Actividades complementarias programadas.

A proposta de actividades complementarias e extraescolares foi enviado á Vicedirección para a súa inclusión no Plan Xeral Anual. Pódese consultar nese documento ou pulsando este enlace:.

15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Polo menos unha vez por avaliación realizarase un seguimento, que incluírá a redacción dunha ficha que avalíe o grao de cumprimento da programación didáctica.

Para avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente utilizarase a seguinte táboa:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				

	Escala			
	1	2	3	4
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

En base ao resultado obtido realizaranse as propostas para mellorar a programación, tanto as aplicables no presente curso como as que se consideren para o vindeiro que quedarán recollidas na memoria de final de curso.